

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

C.E.I.P. PLURILINGÜE AS SOLANAS-NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO

ÍNDICE:

1.-INTRODUCCIÓN - MARCO LEGAL

2.-ESTUDO E ANALISE CO CONTEXTO ESCOLAR.

- 2.1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO
- 2.2.- ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS
- 2.3.- EQUIPAMENTO
- 2.4.- CENTROS ADSCRITOS
- 2.5.- HORARIO E OFERTA EDUCATIVA
- 2.6.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
- 2.7.- PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE
- 2.8.- ALUMNADO

3.-TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.

- 3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE
- 3.2.- LINGUAS DO CENTRO
- 3.3.- LIÑA METODOLÓXICA

4.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

- 4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO
- 4.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO
- 4.3.- AMBITO HUMANO

5.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

- 5.1.- ÁMBITO DE XESTIÓN
- 5.2.- ÓRGANOS COLEXIADOS
- 5.3.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS
- 5.4.- ÁMBITO ACADÉMICO
- 5.5.- COORDINADORES DE CICLO

6.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

7.- ANEXOS

1.- INTRODUCCIÓN – MARCO LEGAL

No Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, establece que estes Centros deben elaborar un Proxecto Educativo de Centro seguindo estas disposicións:

- O Equipo directivo elaborará o PEC partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro.

- Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Obxectivos do centro
 - Fins e intencións educativas
 - Oferta educativa
 - Organización xeral
 - Regulamento de Réxime Interior
 - Relacións coas familias e institucións

- O Consello Escolar aprobará e avaliará o PEC

- A inspección educativa supervisará o PEC, comprobando a súa adecuación ó establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no último epígrafe.

2.-ESTUDO E ANALISE CO CONTEXTO ESCOLAR.

2.1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO

2.1.1.- Datos xerais

CÓDIGO DO CENTRO	36018653
CIF	Q8655310D
TELÉFONO E FAX	986610145
ENDEREZO	Rúa O Rosal, 57 – A Guarda
E-MAIL	ceip.solanas@edu.xunta.es
WEB DO CENTRO:	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsolanas/

2.1.1.- Entorno

O CEIP Plurilingüe As Solanas-Nicolás Gutiérrez Campo está situado en A Guarda, municipio de 20,5 Km², e arredor de 10.000 habitantes repartidos entre as parroquias de Camposancos, Salcidos e A Guarda. Localízase nunha zona costeira, a carón do mar, entre o porto e a praia da Area Grande. O colexio está limitando co Océano Atlántico na parte Oeste, todo ó longo do patio.

A pluviosidade é abundante a maior parte do ano, xunto cos temporais de vento do sul e do norte. A temperatura soe ser de menos de 18° , descendendo no inverno ata os 6-7°.

O centro está situado nunha rúa pavimentada, paralela ó mar, quedando o colexio á dereita, en orientación norte-sur. Sendo unha vía de pouco tránsito, permite dous accesos ó centro, é suficientemente ancha, de dobre dirección, pero con dificultades para autobuses.

A tradición pesqueira segue sendo hoxe unha das principais fontes de riqueza. Ademais da pesca de baixura, existe unha importante flota de altura adicada á pesca do peixe espada.

A Guarda posúe ademais un importante sector terciario que ocupa un porcentaxe importante da poboación activa. Basease no comercio e nunha intensa actividade hosteleira, derivada do turismo.

A Guarda tivo tradicionalmente o galego como lingua habitual. A exclusión da nosa lingua dos

ámbitos oficiais, moi en especial da escola, acentuou un proceso de castelanización que afectou á transmisión xeracional. Aínda así, o galego é hoxe unha lingua viva e recoñecida como propia nos organismos institucionais. O abandono da lingua propia é maior nos nenos e mozos pero aínda neles permanece latente, sendo perfectamente capaces de utilizalo e de comprendelo.

Obsérvase tamén unha certa tendencia a recuperar a lingua propia ao chegar á madurez.

2.2.- ESTRUCTURA E ELEMENTOS MATERIAIS

O centro está composto por dous edificios de aulas e un pavillón intercomunicados polo patio ou pola rúa O Rosal.

Un edificio construído para Preescolar e 1º ciclo de EXB (ano 1983) e un edificio construído para EXB no ano 1987.

Máis adiante, a nivel administrativo, convertíuse nun único CEIP, escolarizando ó alumnado de Educación Infantil e Primaria.

O edificio de Infantil consta de:

Planta baixa na que hai:

- Sala do profesorado
- 2 aulas
- Almacén
- Aseos de nenos e nenas

No primeiro andar hai:

- 4 aulas: dúas para o alumnado de 5º e 6º de EI e as outras dúas para psicomotricidade de usos múltiples.
- Almacén
- Aseos de nenos e nenas
- Aseos do profesorado

O edificio de Primaria consta dos seguintes espazos:

No primeiro andar:

- Seis aulas para o alumnado de primaria

- Biblioteca
- Aula de informática
- Secretaria
- Sala do profesorado
- Almacén
- Aseo de minusvalidos
- Aseos de nenas e aseos de nenos

No segundo andar:

- Aula de música
- Aula de pedagogía terapéutica
- Aula de audición e linguaxe
- Orientación
- Salón de actos
- Comedor
- Espazo para o profesor de EF
- Aseos de nenos e de nenas
- Aseos do profesorado
- Oficina da ANPA
- Dous almacéns.

Os dous andares comunícanse por escaleiras interiores que dispoñen dun elevador para cadeiras de rodas.

No baixo está a caldeira da calefacción e un ximnasio que inicialmente era un patio cuberto.

Na zona exterior hai:

O patio de recreo.

O pavillón polideportivo

2.3.- EQUIPAMENTO

En canto ao mobiliario, na actualidade é suficiente pero o aumento de matrícula e o estado de parte do mesmo, fai que sexa preciso a dotación de mesas, cadeiras, estanterías e armarios.

En canto aos recursos audiovisuais e informáticos, na actualidade contamos con dotación de ordenadores na aula de Informática, na biblioteca e nas aulas Abalar. Ordenadores portátiles para uso do profesorado, e ordenadores de uso administrativo. No centro hai 5 pizarras dixitais e proxectores en todas as aulas.

Este equipamento non é suficiente para o alumnado actual polo que, en consecuencia coa filosofía do Centro no referente as Tic no ensino, seguiremos a traballar e a facer as xestións precisas para dotar o noso Centro dos recursos audiovisuais, informáticos e tecnolóxicos que favorezan o traballo nas aulas e servan de apoio ó labor educativo.

2.4.- CENTROS ADSCRITOS

O CEIP Plurilingüe As Solanas-Nicolas Gutierrez Campo está adscrito ao IES A Sangriña de A Guarda.

2.5.- HORARIO E OFERTA EDUCATIVA

O horario do centro, de xornada única, é de 9:00 h. ata as 14:00 h.

Os martes, en sesión de tarde de 15:30 h. ata as 18:00 h. realízanse tarefas de titoría e celébranse as reunións de traballo dos diferentes equipos.

A Biblioteca está aberta de 15,30h a 17,30h os luns, mércores, xoves e venres para a comunidade escolar e antigo alumnado.

En canto á **oferta educativa**, é un centro de unha única liña que dende o curso 2009-2010 ven desenrolando un programa de Bilingüismo en E.F. e dende o curso 2011-2012 é un centro Plurilingüe.

O Centro está integrado no Proxecto Abalar e no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e participa todos os anos en Voz Natura.

As actividades complementarias e extraescolares ofertadas polo Centro figuran anualmente detalladas na P.X.A .Oriéntanse fundamentalmente a :

Saídas, encontros con autores , visitas a museos, obradoiros, exposicións, visitas

didácticas, coñecemento do entorno, ...

2.6.- UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Sempre que sexan solicitadas, e cos permisos oportunos, as instalacións cédense a asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que necesiten as dependencias fóra do horario escolar. Daráse prioridade á ANPA.

Como cada ano, enviaráanse á Delegación de Educación e ao Concello as solicitudes que os equipos deportivos presenten para usar o Pavillón, previa aprobación do Claustro e do Consello Escolar.

2.7.- PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE

Persoal Docente

O catálogo de postos de traballo está completo e todos os postos do mesmo están cubertos.

PROFESORADO	Número
Profesorado de Infantil	4
Profesorado de Primaria	5
Especialista de Francés	1
Especialista de Música	1
Especialista de Educación Física	1
Especialista de Inglés	1
Especialista de Pedagogía Terapéutica	1
Orientador (compartido co CEIP M.R. Sinde)	1

Ademáis compartimos profesorado de Relixión e Audición e Linguaxe con outros centros públicos do concello.

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo, ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

Persoal non Docente

Como persoal non docente está nomeada unha coidadora e dende o curso 2010-2011 temos un auxiliar de conversa.

2.8.- ALUMNADO

Na actualidade (curso 2014-2015) o número de alumnos e alumnas é de 152. A maioría proceden da zona escolar do centro pero tamén hai alumnado de outras zonas e de outras localidades.

3.-TRAZOS DEFINIDORES DA NOSA PEDAGOXÍA.

3.1.- SINAIS DE IDENTIDADE

Partindo de que a educación é un dereito fundamental, dende o CEIP Plurilingüe As Solanas-Nicolás Gutiérrez Campo traballamos cuns compromisos que concretamos dentro do seguinte marco educativo:

QUEREMOS UNHA ESCOLA:

PLURAL

Renunciamos dende a escola a todo tipo de sectarismo declarándonos esencialmente respectuosos co dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións que sexan compatibles coa Declaración dos Dereitos Humanos.

INTEGRADORA

Unha escola para a igualdade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas ou morais, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas.

ACONFESIONAL

O Centro como Comunidade Educativa non ten carácter confesional e debe garantir polo tanto unha educación baseada no respecto e tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.

COMPROMETIDA COA CONVIVENCIA

Escola comprometida coa formación para a paz, que rexeita a violencia, esixente no respecto á dignidade e integridade dos membros da Comunidade escolar. O noso alumnado formarase para a resolución pacífica de conflitos, para a xustiza e para a liberdade.

DEMOCRÁTICA

Considerando o Colexio como espazo para a convivencia. Desenvolveranse en xeral os valores democráticos: tolerancia, participación, responsabilidade, diálogo permanente...de xeito que o noso

alumnado experimente un modelo democrático de convivencia.

NON SEXISTA

O Centro, valorando o enriquecemento que supón a complementariedade, aposta pola coeducación, ou educación na igualdade de sexos.

PROGRESISTA

A escola mirará cara ao futuro, transmitindo os valores que incidan no desenvolvemento integral da persoa. Atenderemos tanto a formación académica coma a formación persoal e o desenvolvemento da capacidade crítica.

RELACIONADA COA CONTORNA

Consideramos fundamental que a escola estea integrada na contorna, valorando positivamente as oportunidades e as colaboracións que nos ofrece, establecendo unha relación de cooperación e respecto mutuo.

3.2.- LINGUAS DO CENTRO

Respectarase a lexislación e normativa vixentes recoñecendo o dereito de cada membro da Comunidade Escolar a utilizar calquera das linguas oficiais.

Debido á súa relación e integración na contorna o centro avogará pola normalización lingüística nas relacións entre os diferentes membros da Comunidade e no plano administrativo.

Ao remate da escolarización, o alumnado terá adquirida unha competencia axeitada nas dúas linguas.

Considerando ademais que, a nosa lingua é un sinal fundamental da nosa identidade, o Centro favorecerá o coñecemento e uso da lingua galega e a formación do alumnado en tódolos eidos da nosa cultura: literatura, historia, arte, xeografía, costumes, tradicións, e outros aspectos sociolóxicos relevantes.

Seguiremos impulsando o coñecemento dunha lingua estranxeira (o Inglés) participando nos proxectos de Plurilingüismo nas materias de educación artística (Plástica) e Educación Física e no programa de auxiliares de conversa.

3.3.- LIÑA METODOLÓXICA

Entendemos o labor educativo baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión.

Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza-aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos escolares.

Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do alumnado e facilitar a participación dos nenos e nenas en actividades complementarias. Flexibilizaremos tamén a temporalización das Unidades Didácticas para adaptar o aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

Consideramos ao alumnado, centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa A ensinanza será activa, potenciadora do aprender a pensar e da creatividade do alumnado.

Procuraremos un ensino globalizado, tratando os contidos das distintas áreas do coñecemento de forma interrelacionada a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade dos aprendizaxes.

Concibiremos a biblioteca escolar como gran centro de recursos, un espazo dinámico que favoreza a construción do coñecemento e estímulo enriquecedor da actividade na aula. Será a ferramenta que serva de motor para a participación de todo o profesorado en diferentes programas e proxectos comúns. Daremos pulo á súa función como axente de compensación social, e por este motivo terá un horario de apertura tamén fóra do horario escolar.

O Centro aposta decididamente pola actualización dos seus recursos, en especial os recursos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) como ferramentas integradoras do coñecemento e formadoras da competencia dixital que demandan os novos tempos. A formación e actualización do profesorado é clave neste aspecto, polo que será preciso promovela e fomentala.

Como Escola entendemos que o respecto, a organización, a orde, a atención, a escoita activa e o esforzo son indispensables para o pleno desenvolvemento da vida escolar.

O Centro aposta polo traballo en equipo e a coordinación interna dos seus membros co fin de coordinar os aprendizaxes e contidos cos de outros niveis educativos.

Apostamos por unha Escola aberta, rica en aprendizaxes fóra da aula, valorando positivamente as saídas á contorna e as saídas culturais que presidirán unha boa parte da formación do noso alumnado. Unha escola integrada no medio, capaz de relacionarse positivamente con toda a Comunidade (pais, organizacións culturais, Concello...), tratando de aproveitar a maior cantidade dos recursos educativos e humanos que nos ofertan estes medios.

4.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

4.1.- ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Mellorar o rendemento académico do alumnado fomentando a capacidade de traballo e o interese pola aprendizaxe. Seleccionar e afondar nos contidos curriculares que sexan máis funcionais e de interese para o noso alumnado.
- Interrelacionar os diferentes contidos curriculares para que o noso alumnado adquira un grao de desenvolvemento axeitado nas diferentes competencias.
- Promover hábitos de lectura no alumnado.
- Empregar diferentes técnicas de estudo para mellorar o nivel de rendemento escolar.
- Impulsar a acción de tutoría individualizada e de grupo como algo esencial no proceso educativo.
- Atender á diversidade do alumnado establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Revisar e realizar as adaptacións curriculares para aquel alumnado que precise delas.
- Potenciar as T.I.C.S como recurso didáctico para integralas como ferramenta indispensable na demanda da sociedade actual.
- Diseñar programas que propicien a innovación educativa.

4.2.- ÁMBITO INSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO


- Promover a coordinación docente e a participación de todos os colectivos da Comunidade Escolar, integrándoos na vida do centro e facilitándolle canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir una xestión verdadeiramente participativa.

- Elaborar un plan de actividades complementarias e extraescolares cunha oferta ampla, para favorecer a formación integral do alumnado.
- Xestionar en forma de consenso os recursos económicos e materiais do Centro.
- Organizar adecuadamente os espazos do Centro procurando mellorar as súas instalacións, as dotacións de material e de equipamentos para aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.
- Manter relación de colaboración con toda a comunidade educativa e con outras institucións sociais e culturais.

4.3.- ÁMBITO HUMANO

- Crear un bo clima de traballo e relación humanas afectivas no profesorado que repercuta en toda a Comunidade educativa.
- Establecer un marco de convivencia baseado no R.R.I. e no Plan de Convivencia que permita a tódolos membros da Comunidade Educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Velar pola seguridade do noso alumnado, promovendo a súa formación no eido da autoprotección e avaliación de riscos.
- Fomentar a responsabilidade, o respecto, a orde e o esforzo como eixes fundamentais do proceso educativo.
- Potenciar, estimular e valorar o traballo do profesorado en tódalas facetas da tarefa educativa.
- Formar persoas integrais en coñecementos, competencias e valores en todos os ámbitos da vida: persoal, familiar e social.

5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO



5.1.- ÁMBITO DE XESTIÓN

ORGANOS COLEXIADOS

CLAUSTRO DE PROFESORES: É o órgano pedagóxico supremo do Centro, a súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no capítulo III, artigos 46 e 47 e no capítulo III, sección 2a, artigos 128 e 129 da L.O.E.

A frecuencia das reunións procurarase que sexa trimestral, co fin de informar e acordar aqueles aspectos educativos nos que consideramos necesarios a aprobación e o consenso.

Cando os aspectos a debater sexan relevantes e co fin de axilizar ao máximo as reunións facilitarase o acceso a toda a información dispoñible sobre a orde do día.

Intentarase buscar o maior índice de consenso nas decisións que se tomen así como no cumprimento das mesmas.

CONSELLO ESCOLAR:

É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición e competencias veñen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no capítulo III, artigos 37 e 43 e no capítulo III, sección 1a, artigos 126 e 127 da L.O.E.

O Consello Escolar reunirase sempre que haxa temas que tratar e polo menos unha vez ao trimestre. Todas as reunións celebraranse en horas nas que tódolos membros poidan asistir. Nas reunións ordinarias o director remitiralles ós membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación suficiente, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión.

Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias. As decisións do pleno e das comisións do Consello escolar adoptaranse por maioría simple dos presentes, a excepción dos casos contemplados na lexislación vixente. O presidente dirimirá o

empate co seu voto de calidade. Dentro do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións:

Comisión Permanente, Comisión Económica, Comisión de Biblioteca, Observatorio de Convivencia.

As normas de funcionamento están recollidas no R.R.I.

5.2.- ÓRGANOS UNIPERSOAIS:

EQUIPO DIRECTIVO

A normativa referida ao Equipo Directivo repóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da L.O.E. No artigo 132 enuméranse as competencias do Director /a. No decreto 7/1999 do 7 de xaneiro aparecen reflectidas no capítulo II nos artigos 27 ao 35 as competencias de todos os membros do Equipo Directivo

Criterios de funcionamento:

- Cumprir e facer cumprir a lexislación vixente
- Favorecer un clima de traballo grato e respectuoso entre toda a comunidade escolar e coas institucións.
- Fomentar o traballo coordinado e en equipo
- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa no bo funcionamento do centro
- Coordinar as tarefas dos diferentes equipos.
- As decisións do Equipo Directivo asumiranse conxunta e colexiadamente, aínda que cada membro do equipo se responsabilice por cuestións de operatividade de tarefas e campos diversos .
- Procuramos a transparencia informativa de todas aquelas cuestións que afectan a toda a Comunidade Escolar.
- Dar pulo a proxectos e traballos creativos en calquera ámbito da vida do centro tanto a nivel colectivo como individual.
- Potenciar as actividades encamiñadas ao perfeccionamento profesional.
- Comunicación directa con todos os membros da Comunidade Educativa.

5.3.- ÁMBITO ACADÉMICO:

Equipos

Funcionan os seguintes equipos:

- Equipo de actividades complementarias e extraescolares .
- Equipo de dinamización lingüística .
- Equipo de dinamización da biblioteca .
- Equipo de dinamización das T.I.C.s .
- Equipo de Convivencia.
- Equipo de dinamización do proxecto Voz Natura .

Todo o profesorado debe estar adscrito a dous equipos.

Os equipos reuniranse normalmente unha vez ao mes se é o caso ,ou ben unha vez cada catro semanas.Este calendario poderá ser modificado en función das necesidades do Centro. As decisións tomadas polos diferentes equipos deberán ser informadas ao Claustro co fin de ser debatidas e aprobadas.

Haberá relación fluída entre os equipos co fin de interactuar, colaborar e participar conxuntamente nas ocasións que así o requiran, en proxectos, actividades ou conmemoracións común.

As competencias dos Equipos de normalización lingüística e de Actividades complementarias e extraescolares e as dos seus coordinadores/as veñen reguladas no Regulamento Orgánico das escolas de Ed.Infantil e dos colexios de Ed. Primaria(Decreto 374/1996 do 17 de outubro.D.O.G 21/10/1996) e na Orde do 22 de xullo de 1997(D.O.G. 2 de setembro de 1997)

As funcións dos equipos de dinamización veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (D.O.G. 24 de xullo de 2007)

Departamento de orientación

O departamento de Orientación colabora co Equipo Directivo no deseño de accións educativas e toma de decisións así como na relación cos pais/nais.

Está constituído polo seguinte profesorado: orientad@r, PT, coordinador/a Infantil, titores/as de Primaria.

Reúñese unha vez ó mes. Esa reunión dedicarase ao estudo, análise e avaliación de todo o alumnado de N.E.E.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

A composición, a organización e as competencias da comisión de coordinación pedagóxica son as que establecen nos artigos 61 e 62, capítulo II, título III, do Regulamento orgánico das escolas de E.Infantil e dos colexios de E.Primaria e a orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación Infantil e dos colexios de Ed Primaria.

Reunirase unha vez ao mes.

5.4.- AMBITO ADMINISTRATIVO E DE SERVIZOS

Comedor

Funciona en horario de 14 h a 16 h, xestionado pola ANPA, e os menús son servidos por un cátering. Hai unha ou dúas coidadoras dependendo do número de usuarios/as.

Como proxecto educativo o obxectivo é que o alumnado aprenda hábitos alimenticios sans e un correcto comportamento na mesa, así como as normas básicas de hixiene, respecto, tolerancia, convivencia e educación en igualdade.

No R.R.I. figuran as normas do comedor escolar.

Plan Madruga

Funciona en horario de 8 h a 9h está xestionado pola ANPA e lévase a cabo nuha aula do edificio de Infantil, adaptada para elo.

O servizo está dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria do centro.

O Plan Madruga ten como obxectivo conciliación da vida persoal, laboral e familiar das familias do centro.

Atendido por unha coidadora.

Biblioteca escolar

A biblioteca está a disposición de toda a comunidade educativa en horario escolar e os luns,

mércores, xoves e venres de 15,30 a 17,30 h da tarde.

Desde o curso 2009/2010 pertencemos ao PLAMBE.

A biblioteca do centro funciona como centro de recursos de aprendizaxe e entendémola como un lugar de encontro, de intercambio e de colaboración.

Hai un equipo de biblioteca que se encarga de organizar actividades de fomento da lectura de acordo co plan lector do centro.

A ANPA

O funcionamento da ANPA está recollido no regulamento de escolas de E. Infantil e Primaria, Título VI, artigo 105, “O dereito que asiste aos pais e nais de constituir asociacións de nais e pais de alumnos nestes centros, coas competencias que se especifican no apartado 2 do dito artigo, así como tamén na orde do 16 de xaneiro de 1987 (D.O.G do 22 de xaneiro)”.

6.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E CO ENTORNO

Este centro aposta por manter sempre as mellores relacións coas familias e as institucións con que se relaciona, buscando a fluidez, o trato respectuoso, a colaboración e a participación en todas as actividades propostas.

Poñeremos especial atención na relación con:

Familias, outros centros do concello, ANPA e Concello.

7.- ANEXOS:

ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO REFERENCIARÁ TAMÉN ÓS SEGUINTES DOCUMENTOS DE XESTIÓN, QUE SE REVISARÁN E ACTUALIZARÁN OPORTUNAMENTE:

- REGULAMENTO DE REXIME INTERNO.
- CONCRECIÓN CURRICULAR :
 Ed. Infantil , 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.
- PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- PLAN LECTOR
- PLAN DE CONVIVENCIA

- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- PROXECTO LINGÜÍSTICO
- PLAN DE INTEGRACIÓN DAS T.I.C.
- PROXECTO VOZ NATURA.

INFORME DO CLAUSTRO

En cumprimento do artigo 6o da Lei Orgánica 9/1995 do 20 de novembro polo que se ordena a elaboración do P.E.C. nos centros docentes, o Proxecto Educativo de Centro foi informado polo Claustro de Profesores en Sesión Ordinaria celebrada o día 14 de outubro de 2014

CONSELLO ESCOLAR


CERTIFICACIÓN

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 21 de outubro do 2014, quedou aprobada a modificación e actualización correspondente do Proxecto Educativo de Centro que figura nas páxinas anteriores a esta certificación.

En A Guarda a 23 de outubro do 2014

O Equipo Directivo.

O Xefe de Estudos



Asdo. Jorge Pazos Giráldez

A Secretaria

A Director a



Asdo.: Iris Gómez Alfonso

Asdo.: M^a Elena Estévez Pérez

